

Instrucións para o recoñecemento de trienios aos funcionarios interinos dos corpos ao servizo da Administración de xustiza de Galicia, en aplicación da disposición final primeira da Lei orgánica 13/2007, de 19 de novembro de modificación da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial (BOE do 20/11/2007).

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE n.º 89, do 13 de abril), recoñece o dereito do persoal funcionario interino a percibir trienios, establecendo no seu artigo 25.2º que se recoñecerán os trienios correspondentes aos servizos prestados antes da entrada en vigor deste estatuto, que terán efectos retributivos unicamente a partir da súa entrada en vigor.

Segundo a disposición derradeira cuarta do dito estatuto, este entrará en vigor no prazo dun mes a partir da súa publicación no BOE, é dicir , o día 13 de maio de 2007.

O artigo 489.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, modificado pola Lei orgánica 19/2003, de 23 de decembro (BOE n.º 309, 26/12/2003) exceptuaba o pagamento dos trienios ao persoal funcionario interino dos corpos ao servizo da Administración de xustiza.

Na Lei orgánica 13/2007, do 19 de novembro, publicada no BOE n.º 278 de 20/11/2007, na disposición derradeira primeira, cuarto, modifícase o apartado 2 do artigo 489, engadindo: “Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados que terán efectos retributivos conforme ao establecido na normativa vixente para os funcionarios da Administración xeral do Estado. Este recoñecemento efectuarase logo da solicitude do interesado”.

Por Resolución do 7 de febreiro de 2006, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se delegan competencias en materia de medios persoais e materias da Administración de xustiza en Galicia a favor das delegacións provinciais desta consellería, a provisión dos postos de traballo dos corpos de médicos forenses, xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial a través do nomeamento de interinos.

Por iso, esta dirección xeral, en virtude das competencias asumidas polo Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, de traspaso de competencias a esta Comunidade Autónoma e demais normativa vixente, para conseguir unha eficaz xestión dos expedientes de recoñecemento de trienios ao persoal funcionario interino da Administración de xustiza de Galicia, e evitar dilacións na tramitación, dita as seguintes **instrucións**:

1ª.- En aplicación do disposto no artigo 489.2 da Lei orgánica do Poder Xudicial, modificado pola Lei orgánica 13/2007, do 19 de novembro, o persoal funcionario interino dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que estea prestando servizos en órganos xudiciais, servizos dependentes daqueles, fiscalías e IMELGA, poderán solicitar o recoñecemento dos trienios correspondentes por cada tres anos de servizos prestados.

O recoñecemento dos trienios correspondentes aos servizos prestados, que terán efectos retributivos conforme ao establecido na normativa vixente para os funcionarios da Administración xeral do Estado, esixirá unha solicitude previa do interesado.

2ª.- Os trienios recoñeceranse logo da solicitude do interesado pola delegación provincial desta consellería da respectiva provincia onde preste servizos.

As solicitudes faranse conforme ao modelo que segue a esta resolución. Os servizos que se pretende que se recoñezan deberán ser relacionados polo interesado. No caso dos servizos prestados con anterioridade ao ano 1997 na Administración de xustiza ou con posterioridade a esa data fóra dos órganos xudiciais de Galicia, deberán ser acreditados expresamente polo interesado a través dalgún dos seguintes documentos:

- Certificación expedida pola Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza, no ámbito que fosen prestados.
- Tomas de posesión e cesamento do tempo dos servizos prestados como funcionario interino, a través de orixinal ou copia cotexada.
- Certificación expedida polo secretario xudicial de cada un dos órganos xudiciais onde fosen prestados os servizos como funcionario interino.

3ª.- Aquelas persoas que prestasen servizos noutras administracións públicas, distintas a Administración de xustiza, deberán presentar certificación orixinal conforme ao modelo anexo I, que deberá remitir xunto a solicitude á delegación provincial desta consellería da provincia onde estea prestando servizos como funcionario interino da Administración de xustiza.

4ª.- A delegación provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que corresponda en función da provincia onde teña destino o funcionario interino, recoñecerá o/s trienio/s que procedan de conformidade cos servizos prestados pola persoa, que se acumularán por orde cronolóxica. Ningún período de tempo poderá computarse máis dunha vez.

5ª.- A delegación provincial respectiva terá en conta os períodos de tempo non computados para recoñecemento dun trienio para a súa acumulación aos seguintes períodos.

6ª.- Os trienios recoñecidos ao persoal funcionario interino terán efectos retributivos do 1 de xuño de 2007, para aqueles que prestasen servizos entre o 13 de maio e 20 de novembro de 2007 e sempre que a súa solicitude sexa anterior ao 15 de febreiro de 2008.

Cando as solicitudes de recoñecemento de trienios se presenten a partir do 15 de febreiro de 2008, o recoñecemento producirase na data de presentación da solicitude, xerando efectos retributivos a partir do día primeiro do mes seguinte ao da súa presentación conforme ao establecido na normativa sobre retribucións dos funcionarios de carreira.

Para aqueles que non prestasen servizos entre o 13 de maio e o 20 de novembro de 2007, e teñan nomeamento cunha data posterior, os efectos retributivos serán dende o día primeiro do mes seguinte á presentación da súa solicitude.

Os que non se atopen en ningunha das situacións previstas anteriormente poderán presentar a súa solicitude a partir da data do seu nomeamento.

Soamente se tramitarán as solicitudes formuladas polos funcionarios interinos que tivesen prestado servizos durante polo menos 3 anos.

7ª.- As solicitudes recibidas con anterioridade á publicación desta instrución na intranet e páxina web da Xunta de Galicia, e que non se axusten ao modelo de solicitude (anexo II) acompañado, non serán tidas en conta.

8ª.- As credenciais de recoñecemento de trienios para o persoal funcionario interino que o solicite comezarán a expedirse a partir do 1 de abril de 2008.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2008

A directora xeral de Xustiza

A handwritten signature in green ink, consisting of a large, stylized 'E' shape with a horizontal line extending to the right and a small loop at the top right.

Begoña Santos Fernández